

PREGO DE PRESCRICIÓNS TÉCNICAS PARA A CONTRATACIÓN DO SERVIZO "ESPAZO CONCILIA ESTRADA"

1. Obxecto do contrato.

O obxecto do contrato é o desenvolvemento do Servizo socioeducativo "Espazo Concilia Estrada" dirixido a nenos e nenas de 3 a 12 anos, como recurso que favoreza a conciliación de vida laboral e familiar das familias do Concello e como alternativa de ocio e educación dos menores.

2. Descrición do servizo obxecto do contrato.

2.1. Participantes

Nenos e nenas de 3 a 12 anos, empadroados no Concello da Estrada, ofertando 45 plazas, das cales 5 quedarán reservadas a familias que utilicen o sistema de bonos.

2.2. Instalacións.

As instalacións usadas como base serán as do Novo Mercado (1º andar) situadas en Rúa Padrón, son instalacións de titularidade municipal.

2.3. Temporalización.

A actividade desenvolverase durante un ano, a partir da data da sinatura, e preferentemente nas instalacións do Novo Mercado (1º andar), Rúa Padrón. Cando a actividade así o requira poderanse realizar desprazamentos a outros espazos, de xeito programado e sempre baixo supervisión do persoal axeitado en cada caso.

2.4. Horarios.

a) O servizo desenvolverase de luns a venres segundo os seguintes horarios:

En período lectivo:

Tardes de luns a venres de 15:30 a 20:30 horas

En período non lectivo:

Mañáns de luns a venres de 8:00 a 14:00 horas

Mañáns sábado de 8:30 a 13:30 horas

A efectos de período non lectivo entenderanse os seguintes períodos:

Vacacións de Nadal

Vacacións de Semana Santa

Vacacións de verán

Estos períodos coincidirán coa finalización da actividade escolar ata o seu comezo no calendario escolar vixente cada ano.

Os festivos non se prestará o servizo.

b) Este horario do servizo poderá modificarse a criterio do Concello, previa conformidade coa empresa adxudataria, sempre que non se produza un aumento total de horas e sin que represente unha modificación económica respecto do prezo no que se adxudicou o servizo.

2.5 Características da actividade a desenvolver.

- Proporcionar as familias un recurso que facilite a conciliación entre vida laboral e familiar.
- Ofrecer os nenos e nenas de 3 a 12 anos unha alternativa de ocio educativo durante os espazos de tempo libre previo e posterior á actividade escolar
- Complementar o proceso educativo dos e das participantes cunha intervención social, lúdica e pedagóxica que fomente o desenvolvemento integral e respectando as diferenzas individuais.
- Estimular o desenvolvemento de estratexias e a motivación para gozar do tempo de ocio de forma socializadora, construtiva e san.
- Favorecer a integración positiva e igualitaria das nenas e nenos fomentando as relacións de amizade e a cohesión do grupo.
- Promover o coñecemento do medio onde se vive así como actitudes de respecto e valoración do mesmo.
- Desenvolver actividades creativas a través da utilización de diferentes formas de expresión, impulsando a autonomía e a creatividade.

2.6 Requisitos técnicos da entidade/empresa licitadora.

As entidades/empresas interesadas no desenvolvemento do “Espazo Concilia A Estrada” deberán acreditar documentalmente:

1. Ter realizado ao longo dos últimos tres anos traballos relacionados co obxecto do contrato, debendo presentar unha relación das principais actividades realizadas en dito período indicando destinatario, importe, datas de desenvolvemento e número de participantes.

Os servizos ou traballos efectuados acreditaránse mediante certificados expedidos ou visados polo órgano competente cando o destinatario sexa unha entidade do sector público ou, cando o destinatario corresponda ao sector privado, unha declaración da empresa ou entidade destinataria.

2. Acreditar a relación do persoal co que contan para o desenvolvemento do programa facendo constar a titulación e experiencia de traballo de polo menos un ano na realización de actividades con nenos e nenas en idades de 3 a 12 anos. A titulación do personal acreditarase mediante certificados expedidos e visados polo órgano competente. A experiencia acreditarase mediante certificación ou informe emitido polo empresario.

3. Dispoñer dos medios e permisos necesarios para desenvolver o Servizo Concilia A Estrada.

4. As entidades licitadoras concretarán as súas propostas, nunha **Memoria Técnica** onde se describan as actividades que se ofertan para o desenvolvemento do Programa, tanto das actividades mínimas que se piden como das actividades que a maiores se presenten na oferta.

Para unha mellor e mais axeitada valoración desta memoria técnica, e ver se todas as actividades cumpren cos requisitos que se marcan nas prescricións técnicas, cada unha destas actividades debe presentarse segundo un Proxecto pedagóxico, que debe incluír na súa elaboración, os seguintes puntos:

1. Nome da actividade
2. Descrición da actividade
3. Xustificación do interese da mesma

4. Poboación diana
5. Finalidade, metas e obxectivos
6. Metodoloxía
7. Cronograma
8. Profesionais que desenvolverán a actividade, indicando titulación
9. Materiais que se utilizan
10. Avaliación

Cada un dos proxectos pedagóxicos non debe superar 6 páxinas.

2.7 Obrigas da empresa adxudicataria:

- Organizar, programar, coordinar, executar e avaliar o desenvolvemento do Servizo Concilia A Estrada, nos días e horarios descritos neste prego axustándose ós requisitos establecidos no artigo 5º, 6º e 7º do decreto 354/2003.
- Aportar o persoal especialista preciso para o desenvolvemento das actividades. O persoal non terá ningún tipo de relación laboral contractual ou de outra natureza co Concello da Estrada, debendo a entidade ter debidamente informado ó seu persoal e facendo constar expresamente esta circunstancia nos contratos de persoal que subscriba.
- Cumprir tódalas disposicións vixentes en materia laboral, de seguridade e hixiene no traballo do persoal ao seu cargo.
- Comunicar diariamente ó Departamento de Servizos Sociais deste Concello cantas incidencias se produzan na programación e no desenvolvemento das distintas actividades a través dos correos electrónicos que lles sean facilitados.
- A contratación dun seguro de accidentes e responsabilidade civil que garanta indemnizacións os/as usuarios/as, tanto para actividades externas como internas.
- A empresa contratada e responsable do control e seguimento da entrada e saída dos rapaces/zas participantes na actividade, garantindo que as personas que recollan ós menores son aquelas que figuran como autorizadas.
- A empresa adxudicataria deberá pedir e dispor dos permisos precisos para a realización das actividades de acordo coa lexislación sectorial vixente na materia.
- A entidade adxudicataria presentará factura por meses vencidos, deberá presentala no rexistro de entrada do Concello.
- Facilitar os medios e material precisos para o desenvolvemento do servizo.
- Dispor dunha base de datos que permita obter información sobre o seguimento das actividades e dos/as participantes, sí como da entrada e saída nas instalacións. A información porase a disposición do departamento de Servizos Sociais.
- Entregar canta documentación da actividade lle sexa requerida pola responsable técnica de servizos Sociais que faga o seguimento, no prazo que se indique.
- Entrega dunha **memoria mensual de planificación e avaliación** do desenvolvemento do Espazo Concilia a Estrada.

2.8 Persoal.

- a. A Entidade ou persoa xurídica adxudicataria deberá contar co persoal técnico

axeitado para o desenvolvemento da actividade, contando co persoal necesario establecido por lei para **atender a 45 nenos/as**. Dado que se trata dun servizo especializado en educación e conciliación, o persoal técnico encargado da súa posta en marcha deberá ter formación específica no ámbito das ciencias da educación.

b. Consideramos que para o correcto desenvolvemento do servizo “Espazo Concilia Estrada” a entidade ou persoa adxudicataria ofertará como mínimo:

1 Coordinador/a:

Titulado /a superior en Psicoloxía, Pedagogía, psicopedagogía, Educación Social, Tránsito Social, Maxisterio (Licenciatura, Diplomatura ou Grado, segundo sexa o caso)

Coñecemento de lingua galega: Certificado de CELGA 4

1 profesor/a:

Graduado/a ou diplomado/a en Maxisterio/Titulación Superior na rama das Linguas, das Humanidades, das ciencias e/ou das Matemáticas.

Coñecemento da lingua galega: CELGA 4

1. Monitor/a ou auxiliar non docente:

Técnico/a de grado superior en educación infantil/Bacharelato

Título de monitor/a ou director/a de tempo libre homologado pola Xunta de Galicia.

Coñecemento de lingua galega: Certificado de CELGA 4

c. Cando sexa necesario por causa debidamente xustificada proceder á substitución dalgún/ha profesional, debe facerse por outro ou outra de igual cualificación, comunicándoo previamente ao concello que debe autorizar dita substitución.

3. Criterios de valoración.

Os criterios de valoración que serven de base para a adxudicación son os que se sinalan a continuación. No caso de empate adxudicarase o contrato a proposta máis económica. De persistir o empate, resolverase mediante sorteo.

3.1 Prezo ofertado

Presentarase o prezo máximo ofertado para a totalidade do proxecto, onde se faga constar presuposto doutros conceptos: seguro, persoal, gastos de xestión, de material, de organización...etc.

O prezo ofertado valorarase cunha puntuación **máxima de 40 puntos**, atribuíndose os cuarenta puntos a oferta económica que conteña o importe máis baixo, 0 puntos a oferta que conteña o presuposto base de licitación e o resto das ofertas valoraranse de xeito proporcional.

3.2 Valoración da Memoria Técnica da actividade

a) Valorarase ata **un máximo de 30 puntos**, os aspectos a puntuar son:

- Claridade e especificidade na descrición da actividade.....4 puntos.
- A adecuación da actividade ás idades das/os participantes...4 puntos.
- Metas e obxectivos perseguidos.....4 puntos.
- Metodoloxía empregada.....4 puntos.
- O proxecto pedagóxico no seu conxunto.....14 puntos.

b) Actividades complementarias a maiores das actividades mínimas esixidas. **A puntuación máxima a acadar neste apartado é de 10 puntos.**

Ata 2.5 puntos por cada actividade optativa que se inclúa na memoria técnica e cumpre os requisitos enumerados nas bases. Deberán ser preferentemente actividades que fomenten a participación conxunta dos nenos e nenas e as súas familias e coñecemento do entorno ou doutras realidades. As actividades que se

oferten deberán cumprir igual os requisitos expostos neste prego nos apartados 2.5 e 2.6.

3.3 Ampliación de horario de apertura:

Por ampliación a prestación dos servizos aos sábados durante o período lectivo de 8:30 a 13,30 horas.....**20 puntos**

4. Protección de datos de carácter personal e confidencialidade.

A empresa adxudicataria declara expresamente quedar obrigada ó cumprimento do disposto na Lei Orgánica 15/1999 de decembro de Protección de Datos de Carácter Persoal, no indicado no artigo 10 da mesma en canto ó deber de segredo. Comprometese así mesmo a formar e informar explícitamente ó seu persoal das obrigas que tales normas mandan.

A empresa adxudicataria e o persoal encargado da realización das actividades están obrigadas a gardar o segredo profesional sobre tódalas informacións, datos, documentos e asuntos ós que teña acceso ou coñecemento durante a vixencia do contrato, a custodia de datos e documentos e a impedir o acceso ós mesmos a terceiros alleos ó contrato suscrito, e a non facer públicos ou enaxenar cantos datos coñeza como consecuencia da execución do dito contrato. Estas obrigas esténdense a toda persoa que poidera intervir en calquera fase do tratamento de datos por conta da empresa adxudicataria e subsistirá aínda despois de rematar os tratamentos efectuados no marco do Prego de condicións.

A empresa adxudicataria comprometese a adoptar as medidas de índole técnica e organizativas precisas que garantan a seguridade dos datos de carácter persoal, eviten a súa alteración, perda tratamento ou acceso non autorizado. O Concello da Estrada non asume ningunha responsabilidade polo incumprimento por parte do adxudicatario da normativa vixente sobre protección de datos de carácter persoal.

5. Propiedade dos datos.

Os datos de carácter persoal aos que teña acceso a empresa adxudicataria foron proporcionados polo concello da Estrada, de tal modo que a empresa adxudicataria recoñece expresamente que os datos incorporados nos seus ficheiros son propiedade do Concello e polo tanto non poderá aplicalos ou utilízalos para fins distintos aos previstos no acordo do contrato, nin cedelos baixo ningún concepto a outras persoas ou entidades, nin sequera para a súa conservación. Así mesmo non poderá transferir, duplicar ou reproducir todo ou parte da información propiedade do Concello.

Ao remate do contrato a empresa adxudicataria dará entrega ó Departamento de Servizos Sociais do Concello de cantos soportes conteñan datos de carácter persoal derivados contrato suscrito, procedendo ó borrado ou destrución de aqueles que se atopen no seu poder, xa sexa en soporte informático ou en soporte papel ou calquera outro medio, mediante máquina destrutora de papel ou calquera outro medio que garantice a ilexibilidade.

6. Xustificación de pagos.

O pago das actuacións a entidade adxudicataria efectuarase por meses vencidos, unha vez presentada a factura no rexistro de entrada do Concello por parte da entidade, e co correspondente informe previo por parte da responsable técnica do Concello.

7. Duración do contrato.

A duración do contrato será dun ano a partir da súa sinatura podendo prorrogarse un ano mais.

8. Habilitación profesional e empresarial.

Para a execución deste contrato non é preciso contar con habilitación profesional e empresarial específica.